

SOCIEDAD DA INFORMACIÓN, CIENCIA E TECNOLOXÍA

1. Vivendas segundo tipo de equipamento tecnolóxico
2. Porcentaxe de persoas que utilizaron novas tecnoloxías segundo sexo. Ano 2008
3. Porcentaxe de persoas que utilizaron novas tecnoloxías segundo idade. Ano 2008
4. Porcentaxe de empresas que dispoñen de determinados equipamentos e servizos TIC segundo o sector económico. Ano 2010
5. Porcentaxe de empresas que interactuaron coas AAPP mediante internet e porcentaxe de empresas con conexión a internet e sitio web segundo finalidade de uso e o sector económico. Ano 2010
6. Invencións e patentes. Galicia
7. Gastos internos totais e persoal empregado en actividades de I+D
8. Valor das importacións e exportacións de produtos de alta tecnoloxía por grupos de produtos. Galicia

Tecnoloxías da Información nos fogares

TIC (Tecnoloxías da Información e das Comunicacions)

Conxunto de ferramentas, habitualmente de natureza electrónica, utilizadas para a recollida, almacenamento, tratamento, difusión e transmisión da información.

Ordenador persoal

Máquina electrónica de computación de tamaño sobremesa e de prestacións cada vez máis elevadas que é capaz de procesar información seguindo instrucións almacenadas en programas.

Teléfono móbil

Teléfono portátil sen fíos conectado a unha rede celular e que lle permite ao usuario o seu emprego en calquera lugar cuberto pola rede, normalmente dispersa por todo o territorio no que opera a compañía, que pode ser todo o país. Unha rede celular e os teléfonos a ela conectados poden ser dixitais ou analóxicas. Se a rede é dixital o teléfono pode enviar e recibir información a través de Internet.

Internet

Rede dixital de conmutación de paquetes baseada nos protocolos TCP/IP. Interconecta entre si redes de menor tamaño (de aí o seu nome: net=rede) permitindo a transmisión de datos entre calquera parella de ordenadores conectados a estas redes subsidiarias.

RDSI (Rede Dixital de Servizos Integrados)

Tecnoloxía de transmisión que combina servizos de voz e dixitais a través da rede nun só medio facendo posible ofrecer aos clientes servizos dixitais de datos así como conexións de voz a través dun só "cable" cunha velocidade máxima de transmisión de 128 Kbps. Os estándares da RSDI especifícaos a ITU-TSS.

ADSL (Liña de Subscrición Asimétrica Dixital)

Tecnoloxía de transmisión de tipo xDSL que permite conectar un módem aos fíos telefónicos de cobre convencionais a unha alta velocidade de transmisión. É a máis utilizada actualmente e denomínase asimétrica porque permite máis velocidade na recepción de datos por parte do usuario que na emisión de datos por este.

DSL (Digital Subscriber Line = Liñas de Subscrición Dixital)

Nome xenérico da familia de tecnoloxías que ofrecen amplo ancho de banda a través do par de cobre convencional despregado inicialmente para o servizo telefónico. ADSL é a variedade operativa actualmente.

xDSL (x Digital Subscriber Line = Liñas de Subscrición Dixital)

Tecnoloxía de transmisión que permite que os fíos telefónicos de cobre convencionais transporten ata 16 Mbps (megabits por segundo) mediante técnicas de compresión. Hai diversas modalidades desta tecnoloxía, tales como ADSL, HDSL e RDSL, sendo a ADSL a máis utilizada actualmente.

Rede de cable

Rede de comunicacións de fío óptico que integra os servizos de televisión, transmisión de datos e telefonía.

Indicadores I+D+i

Patente

Título que recoñece o dereito de explotar en exclusiva a invención patentada, e que lles impide a outros a súa fabricación, venda ou utilización sen consentimento do titular. Como contrapartida, a patente ponse a disposición do público para xeral coñecemento. É a forma que adquire a protección xurídica da actividade innovadora.

Modelo de utilidade

Son protexibles como modelos de utilidade as invencións que, ao ser novas e implicar unha actividade inventiva, consisten en dar a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da que resulte algunha vantaxe practicamente apreciable para o seu uso ou fabricación.

Investigación e desenvolvemento

Gastos internos en I+D

Comprende os gastos correntes e de capital en actividades de I+D realizadas dentro da empresa, calquera que sexa a orixe dos fondos. Os gastos levados a cabo fóra da empresa, pero en apoio das tarefas internas de I+D, tamén se incluírán.

Persoal a xornada completa en I+D

Persoas que empregan, polo menos, o 90 por cento da súa xornada laboral en actividades de I+D.

Persoal a xornada parcial en I+D

Aquelas persoas que dedican, aproximadamente, entre o 10 e o 90 por cento da súa xornada laboral a actividades de I+D e o resto a actividades doutro tipo. Inclúense tamén como tales as persoas que realizen actividades de I+D durante un período de tempo inferior ao ano natural. A equivalencia a xornada completa deste persoal calcúlase sumando as fraccións de tempo que dedicaron a actividades de I+D.

Persoal empregado en actividades de I+D en equivalencia a xornada completa

Suma do persoal que traballa en réxime de dedicación plena (xornada completa) máis a equivalencia á dita dedicación do persoal que traballa en réxime de xornada parcial.

Alta tecnoloxía

Considérase tecnoloxía o stock de coñecementos necesarios para producir novos produtos e procesos. A alta tecnoloxía caracterízase por unha rápida renovación de coñecementos, moi superior a outras tecnoloxías, e polo seu grado de complexidade esixe un continuo esforzo en investigación e unha sólida base tecnolóxica.

A efectos estatísticos, a definición de alta tecnoloxía realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade e dos produtos que son considerados, nun momento determinado, de alto contido tecnolóxico.

Lista de produtos de alta tecnoloxía

Grupo	Descrición
1	Aeroespacial
2	Máquinas de oficina e ordenadores
3	Electrónica - comunicacións
4	Industria farmacéutica
5	Instrumentos científicos
6	Maquinaria eléctrica
7	Química
8	Maquinaria e equipo mecánico
9	Armamento



Exportacións

Comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido a países que non forman parte da UE.

Expedicións

Comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido aos países da UE, excluindo España.

Importacións

Comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercadoría elaborada ou orixinal de países que non forman parte da UE é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Introducións

Comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercadoría elaborada ou orixinal dun país membro da UE (excluindo España) é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

1

VIVENDAS SEGUNDO TIPO DE EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO

	2007		2008		2009	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total vivendas	14.692.323	873.530	15.079.873	899.533	15.315.159	907.819
Con algún tipo de ordenador (%)	60,4	51,6	63,6	53,6	66,3	58,5
Que dispoñen de acceso a Internet (%)	44,6	32,3	51,0	39,7	54,0	42,3
Con conexión de Banda Ancha (ADSL, RDSI, Rede de cable) (%)	39,2	25,7	44,6	31,8	51,3	38,3
Con teléfono fixo (%)	81,2	80,9	81,3	81,8	80,3	80,7
Con teléfono móbil (%)	90,9	86,6	92,1	87,0	93,5	89,8

Fonte: INE. Equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares. Extraído de <http://www.ine.es> [11 de outubro 2010].

2


PORCENTAXE DE PERSOAS QUE UTILIZARON NOVAS TECNOLOXÍAS SEGUNDO SEXO. ANO 2008

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Teléfono móbil (usan)					
Total	70,2	72,5	66,3	63,3	71,4
Homes	73,9	76,1	70,0	67,8	74,8
Mulleres	66,8	69,2	62,9	59,1	68,2
Ordenador (utilizárono no último mes)					
Total	44,9	48,9	39,1	36,5	45,2
Homes	47,8	52,1	41,4	38,2	48,4
Mulleres	42,1	45,8	36,9	34,9	42,2
Internet (conectáronse no último mes)					
Total	38,1	42,2	32,5	30,1	38,0
Homes	40,9	45,6	34,4	31,4	41,0
Mulleres	35,5	39,2	30,8	28,9	35,2

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

Porcentaxe de persoas que utilizaron novas tecnoloxías segundo sexo. Galicia. Ano 2008




PORCENTAXE DE PERSOAS QUE UTILIZARON NOVAS TECNOLOXÍAS SEGUNDO IDADE. ANO 2008

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Teléfono móbil (usan)					
Total	70,2	72,5	66,3	63,3	71,4
De 5 a 14 anos	28,5	31,2	25,1	32,2	25,7
De 15 a 19 anos	92,3	94,5	96,8	88,2	89,7
De 20 a 29 anos	97,7	97,7	96,8	98,2	97,8
De 30 a 39 anos	96,0	96,7	95,9	94,4	95,5
De 40 a 54 anos	88,4	89,6	88,6	84,3	88,1
De 55 ou máis anos	42,9	46,2	38,6	35,6	43,9
Ordenador (utilizárono no último mes)					
Total	44,9	48,9	39,1	36,5	45,2
De 5 a 14 anos	71,8	81,0	68,2	60,9	66,0
De 15 a 19 anos	88,9	92,6	89,6	78,3	87,8
De 20 a 29 anos	77,7	80,9	75,9	75,8	75,3
De 30 a 39 anos	65,9	71,8	63,8	60,5	61,1
De 40 a 54 anos	47,5	51,9	45,3	45,2	43,7
De 55 ou máis anos	9,2	10,3	6,5	5,6	10,8
Internet (conectáronse no último mes)					
Total	38,1	42,2	32,5	30,1	38,0
De 5 a 14 anos	46,0	53,7	42,0	37,3	41,1
De 15 a 19 anos	78,2	84,8	75,2	64,2	76,1
De 20 a 29 anos	71,1	74,5	66,9	70,4	68,8
De 30 a 39 anos	57,8	63,6	55,7	52,4	53,2
De 40 a 54 anos	41,2	46,5	39,5	35,4	37,2
De 55 ou máis anos	7,5	8,4	4,7	4,8	8,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

Porcentaxe de persoas que utilizaron novas tecnoloxías segundo idade. Galicia. Ano 2008



4

PORCENTAXE DE EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE DETERMINADOS EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC SEGUNDO O SECTOR ECONÓMICO. ANO 2010

	España	Galicia			
	Total	Total	Industria	Construción	Servizos
Ordenadores	98,6	98,0	96,5	96,1	100,0
Rede de área Local (LAN)	85,6	82,1	79,6	71,7	89,4
Rede de área Local 'sen fíos'	39,3	33,1	33,8	20,4	39,2
Internet	97,2	94,9	90,1	95,3	97,9
Telefonía móbil	91,5	91,9	89,6	92,6	93,0
Outras tecnoloxías (GPS, TPV, etc)	28,8	31,0	21,9	16,6	44,9
Correo electrónico	96,5	94,5	89,8	95,3	97,3
Intranet	25,6	19,6	15,9	11,1	26,7
Extranet	16,6	12,0	9,6	0,8	19,5
Sistemas operativos de código aberto (LINUX)	9,5	11,0	9,2	2,3	16,8
Intercambio electrónico de datos entre empresas ⁽¹⁾	45,0	39,6	40,6	31,7	43,1

Fonte: INE. Encuesta de uso de TIC y comercio electrónico en las empresas 2009-2010. Extraído de <http://www.ine.es> [13 de outubro de 2010].

Nota: os datos fan referencia a empresas de 10 ou máis asalariados e son de xaneiro de 2010. Os sectores económicos están clasificados coa CNAE-2009.

(1) Porcentaxe sobre o total de empresas que realiza intercambio electrónico de datos. Datos provisionais.

PORCENTAXE DE EMPRESAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP MEDIANTE INTERNET E PORCENTAXE DE EMPRESAS CON CONEXIÓN A INTERNET E SITIO WEB SEGUNDO FINALIDADE DE USO E O SECTOR ECONÓMICO. ANO 2010

	España	Galicia			
	Total	Total	Industria	Construcción	Servizos
Interactuaron coas AAPP mediante Internet para: (1)	70,1	68,1	65,3	70,3	68,6
Obter información (1)	63,9	62,0	56,2	66,3	63,3
Conseguir impresos, formularios, ... (1)	63,7	61,9	55,9	65,1	64,0
Devolver impresos cumprimentados (1)	51,8	51,3	47,3	48,4	55,2
Xestión electrónica completa (1)	50,6	44,6	39,5	40,4	49,8
Presentar unha proposta comercial a licitación pública (e-procurement) (1)	9,4	8,2	6,5	4,6	11,0
Con conexión a internet e sitio web para: (1)	63,9	58,9	62,7	47,9	62,3
Presentación da empresa (2)	91,0	85,2	90,4	68,3	88,7
Declaración de política de intimidade ou certificación relacionada coa seguridade do sitio web (2)	50,9	51,5	47,4	40,1	58,6
Acceso a catálogos de produtos ou a lista de prezos (2)	58,3	52,7	62,3	40,1	51,8
Posibilidade de personalizar ou deseñar os produtos por parte dos clientes (2)	6,7	6,4	6,7	0,0	8,7
Realización de pedidos ou reservas en liña (2)	14,1	9,8	7,0	0,0	15,5
Pagos en liña (2)	6,8	4,1	2,6	0,0	6,8
Seguimento en liña de pedidos (2)	7,7	5,3	4,1	0,0	8,2
Personalización da páxina web para usuarios habituais (2)	5,7	3,1	2,3	0,1	4,8
Anuncios de ofertas de traballo ou recepción de solicitudes de traballo en liña (2)	20,5	16,9	7,4	15,3	23,4

Fonte: INE. Encuesta de uso de TIC y comercio electrónico en las empresas 2009-2010. Extraído de <http://www.ine.es> [13 de outubro, 2010].


Nota: os datos fan referencia a empresas de 10 ou máis asalariados e son de xaneiro de 2010.

Os sectores económicos están clasificados coa CNAE-2009.

(1) As porcentaxes están calculadas sobre o total de empresas con conexión a Internet.

(2) As porcentaxes están calculadas sobre o total de empresas con conexión a Internet e sitio web.

Datos provisionais.

Porcentaxe de empresas segundo finalidade da conexión a Internet e sitio Web. Galicia. Ano 2010


6

INVENCIÓNS E PATENTES. GALICIA


	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Número de solicitudes por natureza do solicitante (1)											
Patentes	76	97	91	105	106	110	129	145	130	176	173
Empresas	62	58
Particulares	66	60
Homes	64	53
Mulleres	2	7
Universidade pública	40	46
Organismos públicos	8	9
Modelos de utilidade	93	81	74	94	118	112	126	103	92	79	94
Empresas	49	49
Particulares	30	42
Homes	24	37
Mulleres	6	5
Universidade pública	0	3
Organismos públicos	0	0
Actividade inventiva de											
Patentes	27,8	35,5	33,3	38,4	38,5	40,0	46,7	52,4	46,9	63,2	61,9
Modelos de utilidade	34,1	29,7	27,1	34,3	42,9	40,7	45,6	37,2	33,2	28,4	33,6

Fonte: Oficina española de patentes y marcas.

Nota: calcúlase a actividade inventiva como o número de solicitudes por millón de habitantes.

(1) Soamente se considera o 1º solicitante.

Evolución do número de solicitudes de patentes e modelos de utilidade. Galicia



GASTOS INTERNOS TOTAIS E PERSOAL EMPREGADO EN ACTIVIDADES DE I+D

	2006		2007		2008	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Gastos internos totais (miles de euros)						
Sector Administración pública e ensino superior	5.236.561	251.232	5.867.438	247.957	6.604.701	303.180
Sector administración pública	1.970.823	75.306	2.348.843	72.879	2.672.288	77.511
Sector ensino superior	3.265.738	175.926	3.518.595	175.078	3.932.413	225.669
Sector empresas e IPSFL	6.578.656	198.290	7.474.933	307.668	8.096.691	281.033
Sector empresas	6.557.529	..	7.453.902	..	8.073.521	..
IPSFL	21.127	..	21.031	..	23.171	..
Total de sectores	11.815.217	449.522	13.342.371	555.626	14.701.392	584.213
Persoal (1)						
Sector administración pública e ensino superior	105.537	5.260	113.067	5.392	119.985	6.124
Sector administración pública	34.588	1.329	37.919	1.321	41.139	1.470
Sector ensino superior	70.950	3.931	75.148	4.071	78.846	4.654
Sector empresas e IPSFL	83.440	3.021	88.042	3.267	95.691	3.557
Sector empresas	82.870	..	87.543	..	95.207	..
IPSFL	570	..	499	..	484	..
Total de sectores	188.978	8.281	201.108	8.659	215.676	9.681

Fonte: INE. Estadística sobre actividades de I+D. Extraído de <http://www.ine.es>.

Nota: IPSFL: Institucións privadas sen fin de lucro.

(1) persoal en equivalencia a xornada completa (EXC).

8

VALOR DAS IMPORTACIÓNS E EXPORTACIÓNS DE PRODUTOS DE ALTA TECNOLOXÍA POR GRUPOS DE PRODUTOS. GALICIA

Miles de euros

	2006	2007	2008	2009
Importacións/ introducións				
Armas e municións	701,3	544,5	597,8	2.008,5
Construción aeronáutica e espacial	280,6	1.919,1	130,7	35.155,1
Maquinaria de oficina e equipo informático	11.638,0	16.221,8	11.254,7	9.160,9
Material electrónico; equipos e aparatos de radio, televisión e comunicacións	15.931,0	59.818,0	103.777,2	48.676,6
Produtos farmacéuticos	156.446,6	132.620,7	120.559,1	112.717,9
Equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión óptica	38.608,2	32.541,0	35.942,9	73.703,9
Maquinaria e material eléctrico	6.286,6	8.216,9	18.420,7	9.143,1
Produtos químicos	44.225,6	55.495,9	47.471,8	63.140,2
Maquinaria e equipo mecánico	68.618,3	16.780,0	21.588,3	13.230,5
Total alta tecnoloxía	342.736,0	324.157,9	359.743,2	366.936,6
Total importacións/introducións	15.643.561,8	16.152.042,1	15.498.547,8	12.929.784,3
Exportacións/ expedicións				
Armas e municións	127,7	684,6	1.258,8	1.210,7
Construción aeronáutica e espacial	1.808,7	90,4	344,7	82,1
Maquinaria de oficina e equipo informático	5.822,5	3.819,6	2.661,8	3.177,1
Material electrónico; equipos e aparatos de radio, televisión e comunicacións	25.588,7	22.825,5	25.480,9	24.408,7
Produtos farmacéuticos	5.826,5	9.150,4	22.530,0	11.812,1
Equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión óptica	3.945,2	4.454,7	5.112,3	7.232,1
Maquinaria e material eléctrico	288.045,3	14.958,2	11.325,9	9.679,2
Produtos químicos	35.447,5	47.714,2	77.902,8	47.956,6
Maquinaria e equipo mecánico	19.533,9	1.677,7	1.070,1	1.130,8
Total alta tecnoloxía	386.145,9	105.375,2	147.687,3	106.689,5
Total exportacións/expedicións	14.619.997,6	16.670.018,6	15.740.086,8	13.759.676,9

Fonte: Agencia Tributaria. Información subministrada directamente.

Nota: os datos do 2009 son provisionais.